


PORTUNIUS

*Oportunidades para
unha carreira científica
excelente en Galicia*





*Oportunidades para
unha carreira científica
excelente en Galicia*

OPORTUNIUS

O **Programa Oportunius** xera oportunidades para investigadores excelentes que queiran desenvolver a súa carreira científica en Galicia reforzando as opcións de acceso e os beneficios asociados ás axudas do **European Research Council (ERC)**.

Iniciativa promovida pola **Xunta de Galicia**, coa colaboración do **Sistema Universitario Galego** e o **Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)**.
Aberto á incorporación de organismos de investigación de todo o Sistema de Ciencia e Innovación de Galicia.

ITINERARIOS Á MEDIDA para:

Gañadores ERC

Finalistas ERC

Candidatos ERC

RESULTADOS

5

contratos Oportunius
a gañadores ERC

24

gañadores ERC apoiados

30

proxectos financiados polo ERC

14

finalistas ERC apoiados

112

candidaturas ao ERC avaliadas

11x190

obradoiros de formación
con máis de 190 participantes

ESCOLLE GALICIA

Escoller Galicia para consolidar unha traxectoria científica excelente, unha decisión acertada pola **contorna profesional** e a **calidade de vida**

Contorna de investigación que avanza cara á **ciencia excelente e competitiva no ámbito internacional que inviste no talento** a través de Oportunius, amais doutros programas para estruturar e consolidar o Sistema de I+D+i.



Oferta diversa de **organismos de investigación co potencial necesario para acoller investigadores ERC**.



- 3 Universidades acreditadas co selo HR Excellence in Research (HRS4R).
- 3 Institutos de investigación sanitaria e biomédica.
- 5 Centros do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC).




Apoio da Xunta de Galicia á investigación, como principal fonte de coñecemento para a innovación e o crecemento en Galicia:

- > Financiamento estrutural para os grupos máis competitivos.
- > Soporte á creación de estruturas científicas supragrupais con potencial para conformar polos de excelencia.
- > Apoio á transferencia de coñecemento.
- > Apoio á carreira investigadora nas súas diferentes etapas: predoutoral e postdoutoral.



Acceso ao financiamento dos programas estatais de investigación e conexión con entidades do Sistema Español de I+D.

3 AEROPORTOS INTERNACIONAIS



SANIDADE E EDUCACIÓN PÚBLICAS



ELEVADA CALIDADE DE VIDA



ALTO ÍNDICE DE SEGURIDADE



CLIMA SUAVE



EXTRAORDINARIA GASTRONOMÍA



ESPAZOS NATURALS E ABONDOSO PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL





APOIOS OPORTUNIUS

Incentivos

para quen xa acadou unha axuda ERC e escolle Galicia para desenvolver o seu proxecto

Impulso para acadar unha axuda ERC dende Galicia

3

ITINERARIOS

Xa tes unha axuda ERC



Gañadores ERC

ITINERARIO 1



Queres unha axuda ERC

Estiveches a piques de acadala



Finalistas ERC

ITINERARIO 2



Vas solicitala por primeira vez



Candidatos ERC

ITINERARIO 3





GAÑADORES ERC

Persoal investigador de calquera nacionalidade beneficiario dunha axuda ERC, disposto a desenvolver os seus proxectos en organismos de investigación de Galicia.

Opción a un contrato de persoal investigador distinguido* coa Axencia Galega de Innovación para facilitar o desenvolvemento do proxecto e a carreira investigadora: **marco laboral estable con avaliación cada cinco anos, con retribucións atractivas**, mellorables coa retribución Programa Oportunus:

ADVANCED
GRANT

80 000
€/ano

CONSOLIDATOR
GRANT

65 000
€/ano

STARTING
GRANT

50 000
€/ano

Axudas PRO-ERC: recursos económicos complementarios ao financiamento ERC, achegados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade e pola Axencia Galega de Innovación durante a vixencia do proxecto:

ADVANCED
GRANT

80 000
€/ano

CONSOLIDATOR
GRANT

65 000
€/ano

STARTING
GRANT

50 000
€/ano

+

Axudas POST-ERC: apoio económico de continuidade tras a fin da vixencia da axuda ERC:

Axudas de reforzo a proxectos de excelencia, aportadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade e pola Axencia Galega de Innovación

ATA

50 000
€/ano
ata
4 ANOS

+

Retribución programa Oportunus, aportada pola Axencia Galega de Innovación (para investigadores/as contratados polo SUG ou polo CSIC e inscritos no Rexistro Oportunus)

ADVANCED
GRANT

8 000
€/ano

CONSOLIDATOR
GRANT

6 500
€/ano

STARTING
GRANT

5 000
€/ano

+

Servizos de **apoyo á ciencia excelente** e de **acollida de novos investigadores ofertados polas institucións de acollida:** accións de benvida científica e familiar, medidas de incorporación e estabilización laboral, apoio técnico específico e soporte económico adicional para o desenvolvemento da carreira investigadora.

*** Marco normativo do programa Oportunus:**

- Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.
- Decreto 64/2016, do 26 de maio, polo que se regula o réxime de contratación pola Axencia Galega de Innovación de persoal investigador baixo a modalidade de persoal investigador distinguido.
- Orde, do 29 de agosto de 2018, pola que se desenvolven o procedemento e o baremo para a avaliación da actividade investigadora de persoal investigador contratado pola Axencia Galega de Innovación baixo a modalidade de persoal investigador distinguido (Programa Oportunus).

2

FINALISTAS ERC

Persoal investigador adscrito a organismos de investigación de Galicia que superara a primeira fase da avaliación ou obtivera a valoración A, sen dotación económica, no proceso de acceso a unha axuda ERC.

Soporte para aumentar as posibilidades de éxito nas seguintes convocatorias ERC

Apoio económico para reforzar o proxecto científico e o currículo, achegado pola Axencia Galega de Innovación, co compromiso de volver presentarse:

50 000

€/2 anualidades



Formación e asesoramento experto para mellorar a proposta presentada incorporando as recomendacións formuladas nos informes de avaliación e de candidatura respecto da produción científica, novos resultados de investigación, etc.

3

CANDIDATOS ERC

Persoal investigador con potencial para presentarse a convocatorias ERC e adscrito a calquera dos organismos de investigación de Galicia.

Soporte para valorar e enfocar unha posible candidatura

Avaliación das posibilidades de éxito



Formación e asesoramento experto para a preparación da candidatura ás diferentes convocatorias do ERC

ORGANISMOS DE INVESTIGACIÓN INSTITUCIONES DE ACOLLIDA

Son institucións de acollida de investigadores ERC:



Universidade de Santiago de Compostela (USC)

3 campus de especialización:

- » Campus de Excelencia Internacional
Campus Vida
- » Campus Terra
- » Campus da Cidadanía

300 grupos de investigación

4 centros de investigación do SUG (un deles o IGFAE, Instituto Galego de Física de Altas Enerxías, recoñecido como Unidad de Excelencia María de Maeztu polo Ministerio de Ciencia, Investigación y Universidades)

11 institutos de investigación

3 agrupacións estratéxicas de investigación

Universidade de Vigo

Universidade de Vigo (UVigo)

4 campus de especialización:

- » Campus de Excelencia Campus do Mar
- » Campus Vigo Tecnolóxico
- » Campus da Auga de Ourense
- » Campus CREA de Pontevedra

185 grupos de investigación

3 centros de investigación do SUG

2 agrupacións estratéxicas de investigación



Universidade da Coruña (UDC)

3 campus de especialización:

- » Campus Innova
- » Campus da Sustentabilidade
- » Campus Industrial

140 grupos e unidades de investigación

1 centro de investigación do SUG

8 institutos de investigación

2 agrupacións estratéxicas de investigación



Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)

5 Institutos de Investigación:

Misión Biolóxica de Galicia (MBG)

- Áreas de especialización: Xenética vexetal, bioquímica de cultivos, mellora de cultivos, viticultura, ecoloxía e xenética forestal
- 8 Grupos de investigación
- Número de investigadores principais: 15

Instituto de Investigacións Mariñas (IIM)

- Áreas de especialización: Oceanografía, ecoloxía e recursos mariños, biotecnoloxía e acuicultura, tecnoloxía dos alimentos
- 14 Grupos de investigación
- Número de investigadores principais: 33

Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia (IIAG)

- Áreas de especialización: Bioquímica do solo e biotecnoloxía vexetal
- 7 Grupos de investigación
- Número de investigadores principais: 10

Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (IEGPS)

- Áreas de especialización: Historia social do poder dende a Idade Media
- 1 Grupo de investigación
- Número de investigadores principais: 4

Instituto de Ciencias do Patrimonio (INCIPIT)

- Áreas de especialización: Estudos transdisciplinares sobre patrimonio cultural e os seus procesos de valorización
- 1 Grupo de investigación
- Número de investigadores principais: 16

Poden ser tamén institucións de acollida de investigadores ERC:

- Os 3 **institutos públicos de investigación sanitaria** de Galicia
- **Calquera outro organismo de investigación**



CONTACTO

oportunius.gain@xunta.gal
+34 981 957 000
Axencia Galega de Innovación – GAIN
Rúa Airas Nunes, s/n
15702 Santiago de Compostela
España

<http://gain.xunta.gal>



@axenciaGAIN



@axenciaGAIN



[linkedin.com/company/gain-axencia-galega-de-innovación](https://www.linkedin.com/company/gain-axencia-galega-de-innovación)